

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTARSE ÁS PROBAS DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO UNIVERSIDADE

O ALUMNADO TERÁ QUE PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN DAS ABAU PERSOALMENTE NA SECRETARÍA DO CENTRO

1. Formulario de solicitude da vía ou vías de acceso polas que concorre ás ABAU.
2. Folla de taxas, traer unha copia asinada e selada pola oficina bancaria para a secretaría do centro despois de *pagar no banco*.
3. Os beneficiarios/as de Familia Numerosa de Categoría Xeral e de Familia Numerosa de Categoría Especial deberán achegar, no momento da matrícula, xunto co xustificante bancario, fotocopia cotexada do carné de Familia Numerosa vixente no prazo da matrícula.
4. A condición de persoa con discapacidade ($\geq 33\%$), acreditarase no momento de formalización da matrícula coa correspondente resolución administrativa do órgano competente da Comunidade Autónoma pola que se recoñece a condición vixente no prazo de matrícula.
5. A condición de vítima de acto terrorista acreditarase no momento de formalización da matrícula coa correspondente resolución pola que se recoñece a condición, vixente no prazo de matrícula.
6. A condición de persoa beneficiaria da prestación do ingreso mínimo vital acreditarase mediante a resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social prevista no artigo 28.3 da Lei 19/2021, do 20 de decembro.
7. Persoal docente e de administración e servizos, os seus fillos/as, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación das tres Universidades de Galicia terá a matrícula gratuíta.

Cantidade total que debe pagar:

- ORDINARIA (prezo público completo) 63'67 €
- F^a. N^o1. – 2^a CATEGORÍA XERAL (50% exención) 31'84 €
- GRATUÍTA: F^a. N^a CATEGORÍA ESPECIAL, persoas con discapacidade ($\geq 33\%$), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero, persoas beneficiarias da prestación do ingreso mínimo vital e persoal das Universidades do SUG (Sistema Universitario de Galicia).

A gratuidade deberá acreditarse mediante certificado.

Nota: As fotocopias teñen que ir acompañadas do orixinal en cada caso.

A documentación presentala en SECRETARÍA:

Prazo ordinario: do 16 ó 20 de maio de 2024 en horario de atención ó público de 9:00 a 14:00 horas

Prazo extraordinario: do 13 ó 17 de xuño de 2024 en horario de atención ó público de 9:00 a 14:00 horas